



Concello de Betanzos
Praza de Galicia nº1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011
Fax: 981 776 529
web: www.betanzos.net
sede electrónica: <https://sede.betanzos.es>
e-mail: correo@betanzos.net

REQUIRIMENTO PREVIO:

ACTIVIDADES RECREATIVAS DE CARÁCTER EXTRAORDINARIO.

- No caso de que por parte dun establecemento se pretenda desenvolver unha actividade de carácter recreativo extraordinario (baile, cotillón, concerto, etc.) de xeito e carácter esporádico, distinto da actividade propia do local autorizada ou recoñecida, deberase tramitar e presentar no concello a pertinente **Declaración Responsable** nos termos esixidos do art. 40.7 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia* (DOG nº 247, do 27 de decembro de 2013) (LECEGA) modificada pola *Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia*. (LEPAR) (DOG nº 1, do 2 de xaneiro de 2018) (LEPAR).
- A documentación que debe incluír esta Declaración Responsable é a regulada no art. 40 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro*, que a continuación se describe:

- *O nome, os apelidos e o enderezo da persoa solicitante e, se é o caso, da persoa que actúe na súa representación.*
- *Descrición da actividade extraordinaria que se pretende realizar, local (título habilitante), datas e horarios de inicio e peche, capacidade máxima, número localidades que se porán a venda e o seu prezo, etc.*
- *O proxecto e a documentación técnica que resulte exixible segundo a natureza da actividade. Para estes efectos, enténdese por proxecto o conxunto de documentos que definen as actuacións que se van desenvolver, co contido e detalle que lle permita á Administración coñecer o seu obxecto e determinar o seu axuste á normativa urbanística e sectorial aplicable. O proxecto e a documentación técnica serán redactados e asinados por persoa técnica competente. (Descrición modificacións que se efectuarán no local. Certificación cumprimento por parte do técnico director)*
- *A póliza de seguro de responsabilidade civil obrigatorio, previsto na normativa en materia de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, e o recibo de pagamento das primas correspondentes ao período do seguro en curso ou a copia destes. (SRC conforme DT3ª LEPAR).*
- *O documento acreditativo asinado polo/a interesado/a da designación da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da execución do proxecto e que debe expedir a certificación que acredite a adecuación do espectáculo público ou da actividade recreativa aos requisitos exixibles.*
- *Para a celebración de espectáculos públicos e actividades recreativas que requiran a montaxe de estruturas non permanentes desmontables (escenarios, etc): O documento acreditativo da designación, por quen presente a declaración, da persoa física ou xurídica que debe asumir a responsabilidade técnica da montaxe da instalación. A marcación CE e a declaración CE de conformidade das instalacións que correspondan segundo as súas características e o certificado da instalación de baixa tensión de conexión coa rede.*

- Se a actividade prevista precisa de autorización para ampliación de horario de peche, respecto do fixado na *Orde do 16 de xuño de 2005* (DOG nº 117 do 20 de xuño de 2005); este deberase solicitar e tramitar ante o organismo correspondente da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia. (Edificio Administrativo Monelos. Rúa Vicente Ferrer nº 2, A Coruña).

- Unicamente se recoñecerán e permitirán o desenvolvemento de actividades deste tipo, no interior dos locais, que reúnan e cumpran os requisitos esixibles.

- Non se permitirán nin autorizarán actividades de carácter extraordinario no exterior do establecemento, sobre espazo libre público (terrazas).

- En caso de incumprimento do establecido, estarase suxeito ao réxime establecido no art. 40.6 da *Lei 9/2013, do 19 de decembro* e réxime sancionador regulado nos art. 51 a 60 da mesma lei: imposibilidade de continuar co exercicio da actividade desde o momento en que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo das posibles responsabilidades penais, civís ou administrativas que procedan. Restitución xurídica ao momento previo ao inicio da actividade; imposibilidade de instar a un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo de entre tres meses e un ano; sancións que poden chegar ata 601.012,1€ ou suspensións, prohibición ou clausura da actividade ou local por un período máximo dun ano.

DESTINATARIO:

SR. XERENTO DO LOCAL DE HOSTALARIA _____

RECÍBÍN O REQUIRIMENTO:

Asdo.- _____

DNI. nº _____